

A programación das Radios Municipais Galegas

Radiofusión en directo

Actualidade

Participa

Programas

Emisoras

Cofiécenos

Actualidade


Ficha da nova

Enviar comentario

Os poetas galegos lembran a González Garcés no seu 25 cabodano

"QUIXERA, eu ben quixera que tivese o meu verso/ a sombra soave do ceo borrallento / no mare,/ a verdecrara luz do piñeiral solemne,/ a craridade maina dos fiunchos nas ribeiras do Mero". Velaí un monllo de versos, os que abren o "Poema ó meu mar" , escrito por un poeta que naceu fronte ao océano. O coruñés Miguel González Garcés foi unha

das presenzas máis activas na cultura do país até o seu pasamento, hai hoxe, 12 de decembro, 25 anos . A súa cidade natal, que aínda o lembra co seu nome no rueiro e tamén na porta da Biblioteca Pública, acolle nesta xoranada unha homenaxe en forma de recital poético-musical convocada pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega . Desenvolverase a partir das oito menos cuarto do serán precisamente na Biblioteca González Garcés , coordinado polo escritor Francisco Fernández Naval .



Cartel da homenaxe ao autor coruñés

[Cultura](#) • 12/12/2014 • Autor: Redacción

No acto intervirán Cesáreo Sánchez Iglesias, como presidente da AELG e as poetas Luz Pozo Garza; Xulio López Valcárcel; Lino Braxe; Olga Patiño; Miguel Mato Fondo; Estibaliz Espinosa; Manuel Rivas; Miguel Anxo Fernán-Vello; Ánxeles Penas; Xavier Seoane e Manuel Álvarez Torneiro. Na parte musical participan César Morán e Xosé Taboada. Como presentador actuará Fernández Naval.

Miguel González Garcés (A Coruña, 1916-1989), é unha das voces poéticas máis singulares e senlleiras que deu a cidade da Coruña. Poeta, articulista, dinamizador cultural, a súa figura está vinculada ás de Urbano Lugrís, Antón Avilés de Taramancos ou Manuel Álvarez Torneiro, pero tamén a autores das xeracións posteriores, escritores máis novos cos que sempre mantivo unha relación de interese e de amizade. Foi director da Biblioteca Pública do Estado na Coruña -hoxe de xestión compartida coa Xunta de Galicia- que leva seu nome, como o leva a rúa na que está situada. Historiador e cronista da Coruña, foi o presidente da Asociación Cultural Iberoamericana. Autor dunha ampla

obra, escrita en castelán primeiro e en galego a partir da década dos sesenta, a súa é unha literatura dos sentidos, da alegría de vivir, do cotián, na que a cidade está sempre presente.

|

2

O escritor Francisco Fernández Naval lembra a vida e obra de Miguel González Garcés

Comentarios:

< VOLTAR